

# Ritmo cósmico

## Emocións oceánicas

---

ROMÁN RAÑA

Ninguén discute, a estas alturas, que Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) é unha das figuras maiores da nosa literatura. O presente volume vai escolmando pezas dos libros que resumen a súa traxectoria literaria. Deste xeito, atoparemos versos indignados contra a explotación e o oprobio, contra a destrución da natureza, contra a guerra do Vietnam, contra o desamor. Porque boa parte da súa lírica está tinxida do sentimento amoroso que traspasa os límites da cordura e das estrofas ao uso. O segredo da obra de Bernardino radica en dous aspectos que a configuran: o ritmo cósmico do seu verso, imparábel como o vaivén das ondas poderosas; e o vocabulario mariñeiro magnificamente espallado, ricaz, pletórico, que tanto escaseaba no noso lirismo desde sempre. Ninguén até o noso autor plasmou nas súas páxinas o cheiro salobre do mar en toda a súa dimensión, a riqueza dos nomes dos peixes, a nobreza dos mariñeiros afañosos, os tabernáculos e as artes da pesca, a Cangas vibradora de aquén mar.

A edición do Pen Clube, nesta ocasión a cargo de Miro Villar, é espléndida. Contén o inesgotábel Bernardino, as súas emocións oceánicas, a man mestra que deseñou aquel verso estremecido que facemos noso: “¿Como hei vivir mañá sen a luz túa?”.

GRAÑA, Román, *Ser auga, darse en auga*, Ed. PEN Club, Santiago, 2011, PVP19,80 €

